



Abertos os prazos de inscrición para dous encontros do programa Youtubeir@s no mes de xuño: 'Youtubeir@s en conexión' e 'Lista de reprodución ao vivo'

Santiago e A Coruña acollerán estes dous eventos que teñen como obxectivo establecer relacións de intercambio e debate entre o público e a comunidade creadora de contidos en Youtube. O acto 'Youtubeir@s en conexión' organizarase na Coruña o 8 de xuño e o 'Lista de Reprodución ao vivo', terá lugar en Santiago o día 28

Youtubeir@s é unha iniciativa organizada polo Concello de Pontevedra xunto cos concellos da Baña, Ames, Carballo, Cedeira, A Coruña, Moaña, O Grove, Ourense, Ribadeo, Rianxo, Santiago e Teo, das universidades da Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña, a través dos servizos de normalización lingüística.

Está aberto o prazo de inscrición para *Youtubeir@s en conexión* e *Lista de reprodución ao vivo*, dous grandes encontros de intercambio entre persoas xeradoras de contidos dixitais no Youtube, que se organizan por primeira vez dentro do Proxecto Youtubeir@s co obxectivo de crear espazos de conexión e redes conxuntas de traballo entre as persoas youtubeiras.

O Proxecto [Youtubeir@s](#) está organizado polo Concello de Pontevedra xunto cos concellos da Baña, Ames, Carballo, Cedeira, A Coruña, O Grove, Moaña, Ourense, Ribadeo, Rianxo, Santiago e Teo, das universidades da Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña, a través dos servizos de normalización lingüística. Desenvólvese co obxectivo de fomentar a creación de contidos na Rede na nosa lingua e celebra neste 2019 a súa terceira edición baixo o lema *Conéctate á comunidade e multiplícate*. Con esta máxima, o Proxecto Youtubeir@s busca para este ano non só aumentar o número e a calidade de vídeos e persoas creadoras en galego, senón tamén fortalecer as conexións e as interrelacións da comunidade que producen contido en Youtube.

Youtubeir@s en conexión

O primeiro dos encontros, *Youtubeir@s en conexión*, terá lugar o vindeiro 8 de xuño na Coruña, estará aberto á participación de todas as persoas que no panorama galego creen



vídeos no Youtube e buscará achegar un espazo para reflexionar sobre o panorama creativo nesta plataforma dende varios ámbitos, a cuestión lingüística na Rede, a perspectiva temática ou o eido de fomento de públicos. Esta xornada de convivencia, dinamizada por Ben Curiosa (equipo de profesionais ao servizo do coñecemento e a creatividade en común) celebrarase o 8 de xuño entre as 10.30 e as 13.30 horas no Centro Cívico Cidade Vella da Coruña (Rúa da Veeduría, 2). As prazas para participar son limitadas e cómpre inscribirse a través de formacion@youtubeiras.gal

Lista de reprodución ao vivo

O segundo evento, *Lista de reprodución ao vivo*, será o 28 de xuño entre ás 18.00 e ás 20.00 horas no edificio CEA (Centro de Estudos Avanzados) da USC (Finca de Vista Alegre, Santiago de Compostela). Consistente nun encontro directo entre youtubeir@s e público, o acto emula en certo xeito as bibliotecas viventes ou mesmo as partidas de xadrez simultáneas, de xeito que as persoas creadoras agardarán no seu posto as visitas dos/as “espectadores/as”. Así, cada youtubeir@ levará temas preparados para analizar e o público, que irá rotando entre os diferentes postos, poderá realizar preguntas e interactuar cos “vídeos vivos”. Cada un destes encontros durará un máximo de 20 minutos. Ao final desta rolda individual, abrirase a todo o público para poñer en común e compartir experiencias. O acto estará dinamizado por Xandobela (profesionais da educación e da dinamización sociocultural).

O público que desexe participar deberá inscribirse antes do 26 de xuño a través do correo formación@youtubeiras.gal.

Premios [Youtubeir@s](mailto:youtubeir@s): inscricións ata o 27 de setembro

Os Premios [Youtubeir@s](mailto:youtubeir@s), outra das grandes liñas de acción do proxecto [Youtubeir@s](mailto:youtubeir@s), mantén até o vindeiro 27 de setembro o prazo de inscrición para todas as persoas creadoras de contidos en Youtube na nosa lingua. Cómpre que os vídeos estean publicados con data posterior ao 15 de marzo de 2019, sen restricións de privacidade e cos cancelos #youtubeiras #youtubeiros na descrición. Establécense un total de catro categorías: vídeo-facermos (vídeos que mostran saberes e procesos de elaboración a través de *titoriais*), vídeo-opinarmos (exposición de opinións e valoracións sobre un tema de interese), vídeo-cantarmos (vídeos musicais con versións, composicións orixinais, adaptacións ou coreografías) e canles.

Ademais destas catro categorías, recoñeceranse premios á creatividade, á eficiencia comunicativa, á calidade técnica e á calidade lingüística, decididos todos por un xurado de recoñecido prestixio que outorgará o premio durante a gala dos Premios [Youtubeir@s](mailto:youtubeir@s), no mes de novembro. Por último, o certame conta cun premio do público que se entrega baixo o nome de #propostayoutubeira. En conxunto, [Youtubeir@s](mailto:youtubeir@s) repartirá un total de 6500 euros en galardóns. As bases completas pódense consultar na web www.youtubeiras.gal.